rar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexerase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de cualificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sen limitarse unicamente á cualificación trimestral ou final.

9.2.3.1 Criterios de avaliación

- a) Mostrar unha correcta respiración mantendo a relaxación e unha posición corporal adecuada para garantir a saúde postural, así como, unha correcta execución instrumental acorde coas exixencias do nivel. Mediante este criterio preténdese avaliar o dominio da respiración e a postura evitando tensións innecesarias.
- b) Desenvolver unha correcta embocadura mantendo unha posición e tonicidade muscular adecuada. Este criterio pretende valorar a capacidade do alumnado para manter unha correcta embocadura facendo un uso adecuado dos músculos faciais que interveñen na formación da mesma.
- c) Mostrar nos estudos e no repertorio a capacidade de aprendizaxe progresiva individual. Este criterio pretende verificar que o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita progresar adecuadamente.
- d) Valorar o interese, a actitude e o comportamento nas clases. Este criterio pretende comprobar a concentración e a atención do alumnado nas explicacións do profesorado e nas actividades do centro.
- e) Poñer de manifesto a correcta evolución da calidade do son. Mediante este criterio valorarase en que medida o alumnado mostra o coñecemento do funcionamento do instrumento e utiliza adecuadamente a sensibilidade auditiva na interpretación do repertorio adecuado ao seu nivel.
- f) Memorizar e interpretar fragmentos musicais sinxelos empregando a medida, afinación, articulación e fraseo adecuado ao seu contido. Este criterio pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical.
- g) Interpretar obras ou pezas adecuadas ao seu nivel. Este criterio pretende comprobar a capacidade do alumnado para empregar o “tempo”, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.
- h) Ler textos sinxelos a primeira vista. Este criterio pretende constatar a

capacidade do alumnado para desenvolverse con certo grado de autonomía na lectura dun texto.

9.2.3.2 Mínimos esixibles

- Demostrar unha posición corporal correcta co instrumento.
- Demostrar unha correcta técnica respiratoria, embocadura e emisión do son.
- Interpretar axeitadamente, con calidade sonora e afinación, o 50% dos aspectos técnicos (escalas, arpejos, etc.) e dos estudos programados no curso.
- Interpretar dúas pezas de distintas épocas e estilos acordes ao nivel do curso, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

9.2.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

- Empregarase como procedemento a observación directa do alumnado valorando o rendemento do traballo e o comportamento e actitude nas clases, a proba de fin de trimestre e/ou a audición.
- Como ferramentas de avaliación empregarase o caderno do profesorado, onde quedará recollida a información e a valoración do traballo de aula, a actitude e o comportamento, e a folla de calibración que valorará a proba e/ou a audición trimestral, adxunta no apartado 12.4 de Anexos da presente programación. Poderase utilizar acompañamentos de audio, así como gravacións de audio e vídeo como ferramenta de avaliación complementaria.

9.2.3.4 Criterios de cualificación

Criterios de cualificación de 2º GE. Relación cos criterios de avaliación, obxectivos e contidos.

Os seguintes criterios achegarán o 50% da cualificación a través do traballo diario nas clases:		
Criterio de avaliación	Obxectivo	Contido
a) Mostrar unha correcta respiración mantendo a relaxación e unha posición corporal adecuada para garantir a saúde postural, así como, unha correcta execución instrumental acorde coas exixencias do nivel.	a), b)	a), b)
b) Desenvolver unha correcta embocadura mantendo unha posición e tonicidade muscular adecuada.	c)	c)
c) Mostrar nos estudos e no repertorio a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.	d), e) g), j)	d), e) g), j)
d) Ler textos sinxelos a primeira vista.	i)	h)

Os seguintes criterios achegarán o 10% da cualificación:		
Criterio de avaliación	Obxectivo	Contido
e) Valorar o interese, a actitude e o comportamento nas clases.	a), b), d), e)	a), b), i), j)
Os seguintes criterios achegarán o 40% da cualificación a través dunha proba e/ou dunha audición:		
Criterio de avaliación	Obxectivo	Contido
e) Poñer de manifesto a correcta evolución da calidade do son.	d), h)	c), f), j)
f) Memorizar e interpretar fragmentos musicais sinxelos empregando a medida, afinación, articulación e fraseo adecuado ao seu contido	e), f), i) j)	d), e), h), j)
g) Interpretar obras ou pezas adecuadas ao seu nivel.	j)	j)

Procedemento de Avaliación

Procedemento de Avaliación	Traballo de aula	Actitude e Comportamento	Proba e/ou audición trimestral
Porcentaxe	50%	10 %	40%
Ferramenta de avaliación	Caderno do Profesorado e/ou folla de calibración		

9.2.4 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

- Demostrar que ten adquiridos os obxectivos específicos ou capacidades de tódalas materias do curso actual. O profesorado titor será o encargado de propoñer a ampliación de matrícula solicitando unha reunión do profesorado de todas as materias do curso elevando a proposta o seu departamento.
- Amosar as adecuadas capacidades de aprendizaxe para superar o curso actual e ao que aspira a acceder. O profesorado das distintas materias acordarán, a través dun informe de ampliación de matrícula cunha cualificación numérica, as capacidades de aprendizaxe e a adquisición dos obxectivos específicos dentro dos prazos marcados polo Centro para dito proceso.
- Obter unha cualificación positiva de todas as materias do curso actual. O informe para ampliación de matrícula será presentado polo xefe de departamento a dirección do Centro previamente o consello escolar.

9.2.5 Medidas de recuperación

As medidas de recuperación consistirán na proba ordinaria e na proba extraordinaria. A proba ordinaria está dirixida ao alumnado que non acadou os obxectivos do curso, ben por non obter cualificacións trimestrais positivas; porque o profesorado non pode levar a cabo os procedementos de avaliación debido as faltas de asistencia, ou por outra razón. A proba extraordinaria está dirixida ao alumnado que non obteña cualificación positiva na avaliación ordinaria de fin de curso. Para a realización destas probas o profesorado poderá solicitar a presenza e valoración doutro profesor/a do departamento.

9.2.5.1 Procedementos de recuperación ordinarios

- A proba ordinaria realizarase con anterioridade a avaliación ordinaria de final de curso. O alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso en cuestión, sendo o profesorado o encargado de designar contidos, estudos, pezas e obras a interpretar. Terá unha duración entre 15 e 30 minutos de música para o alumnado de Grao Elemental e entre 30 e 45 minutos de música para o de Grao Profesional.

9.2.5.2 Probas extraordinarias

- alumnado que non obteña unha cualificación positiva na avaliación ordinaria será convocado a unha proba extraordinaria. Nesta proba o alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso, sendo o profesorado o encargado de designar contidos, estudos e pezas a interpretar. Terá unha duración entre 15 e 30 minutos de música para o alumnado de Grao Elemental e entre 30 e 45 minutos de música para o de Grao Profesional.

9.2.6 Recursos didácticos

Trombón 2º de Grao Elemental

- | | |
|--------------------------------|---------------------|
| • Método de Flexibilidad | B. Slokar |
| • Método de escalas vol.1 | B. Slokar. |
| • Escuchar, leer y tocar Vol.1 | Ed. Dehaske |
| • Quiero tocar el trombón | César Miguel Martin |

*Os recursos aquí presentados poderán ser complementados ou substituídos por outros que se consideren máis adecuados ás características específicas do alumno/a, podendo facer así, unha adaptación dos mesmos máis axeitada ás súas necesidades individuais.

*Recórdase a necesidade de empregar material orixinal de métodos, estudos e obras.

Temporalización dos Contidos

Primeiro trimestre:

- Exercicios coa boquilla, glissandos y respiración.
- Método Flexibilidad P. 1-6 B. SLOKAR
- Método de escalas vol.1 Escala de Sib, Do. B. Slokar
- Escuchar, leer y tocar Vol.1/ (1-5) Ed. Dehaske
- Quiero tocar el trombón (pax.37-43) César M. Martin

Segundo trimestre:

- Exercicios con la boquilla, glissandos y respiración.
- Método Flexibilidad P. 7 a 9 B. SLOKAR
- Método de escalas vol.1 Escala de Sol, Re B. Slokar.
- Escuchar, leer y tocar Vol.1/ (6-10) Ed. Dehaske
- Quiero tocar el trombón (pax.44-55) César M. Martin

Terceiro trimestre:

- Exercicios coa boquilla, glissandos y respiración.
- Método Flexibilidad Pág. 10 a 12 B. Slokar
- Método de escalas vol.1 Escala de Fa, La B. Slokar.
- Escuchar, leer y tocar Vol.1/ (11-15) Ed. Dehaske
- Quiero tocar el trombón (pax. 56-66) César M. Martin

Obras:

A Longchamp	W. Van Dorsselaer
Trombontest Cycle I – 2 ^o année	C. Pichaureau
Avenue Washington	J. Sichler
Le GrandDuc	W. van Dorsselaer
Romance	G. Destanque
Sarabande	H. Gagnebin
Si J'etais	S. Lancen
Twenty eassy songs for trombone(15-20),	M. Davis /hip-bone edition
Obras de nivel semellante ás anteriores.	

9.3 Curso: 3º de grao elemental

9.3.1 Obxectivos

- a) Consolidar unha correcta posición corporal, así como unha óptima colocación do instrumento que permita un uso adecuado da respiración.
- b) Controlar a respiración e a relaxación, e aplicarlas adecuadamente na práctica instrumental.
- c) Controlar a embocadura mantendo a relaxación, de forma que permita unha boa emisión, afinación e flexibilidade do son.
- d) Mostrar unha correcta coordinación motriz e unha mellor colocación da vara no referente á afinación..
- e) Adquirir os reflexos necesarios para corrixir a afinación e manter a calidade e igualdade do son en todos os rexistros, tanto na práctica individual como en conxunto.
- f) Progresar no dominio das articulacións: picado e legato.
- g) Dominar o rexistro ata o 6º harmónico como mínimo e ampliar o uso das dinámicas.
- h) Desenvolver a memoria musical e a lectura a primeira vista.
- i) Interpretar un repertorio básico adecuado o nivel.

9.3.2 Contidos

- a) A relación entre postura, respiración e relaxación na práctica do instrumento.
- b) Exercicios para desenvolver a embocadura e mellorar a emisión do son coa boquilla e o trombón. A relaxación e a calidade do son.
- c) A coordinación motriz e a colocación e movemento da vara. A afinación.
- d) Estudo das articulacións: picado e legato. A flexibilidade.
- e) Traballo do rexistro medio do instrumento, como mínimo dende o 2º ata o 6º harmónico de cada posición.
- f) Ampliación do estudo das dinámicas e o seu uso no traballo de conxunto.
- g) Aprendizaxe de escalas maiores, menores e arpexos en tonalidades ata tres alteracións.
- h) Adestramento progresivo da memoria musical e a lectura a vista.
- i) Adquisición de hábitos de estudo adecuados.
- j) Estudo dos recursos establecidos para o desenvolvemento conxunto e progresivo das capacidades técnicas e musicais do alumnado.

9.3.3 Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexerase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de cualificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sen limitarse unicamente á cualificación trimestral ou final.

9.3.3.1 Criterios de avaliación

- a) Mostrar unha correcta respiración mantendo a relaxación e unha posición corporal adecuada para garantir a saúde postural, así como, unha correcta execución instrumental acorde coas exixencias do nivel. Mediante este criterio preténdese avaliar o dominio da respiración e a postura evitando tensións innecesarias.
- b) Desenvolver unha correcta embocadura mantendo unha posición e tonicidade muscular adecuada. Este criterio pretende valorar a capacidade do alumnado para manter unha correcta embocadura facendo un uso adecuado dos músculos faciais que interveñen na formación da mesma.
- c) Mostrar nos estudos e no repertorio a capacidade de aprendizaxe progresiva individual. Este criterio pretende verificar que o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita progresar adecuadamente.
- d) Valorar o interese, a actitude e o comportamento nas clases. Este criterio pretende comprobar a concentración e a atención do alumnado nas explicacións do profesorado e nas actividades do centro.
- e) Poñer de manifesto a correcta evolución da calidade do son. Mediante este criterio valorarase en que medida o alumnado mostra o coñecemento do funcionamento do instrumento e utiliza adecuadamente a sensibilidade auditiva na interpretación do repertorio adecuado ao seu nivel.
- f) Memorizar e interpretar fragmentos musicais empregando a medida, afinación, articulación e fraseo adecuado ao seu contido. Este criterio pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical.

- g) Interpretar obras ou pezas adecuadas ao seu nivel. Este criterio pretende comprobar a capacidade do alumnado para empregar o “tempo”, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.
- h) Ler textos sinxelos a primeira vista. Este criterio pretende constatar a capacidade do alumnado para desenvolverse con certo grado de autonomía na lectura dun texto.
- i) Participar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos. Este criterio de avaliación presta atención á capacidade do alumnado para adaptar a súa afinación, precisión rítmica, dinámica, etc., á dos seus compañeiros ou compañeiras nun traballo común.

9.3.3.2 Mínimos esixibles

- Demostrar unha posición corporal correcta co instrumento.
- Demostrar unha correcta técnica respiratoria, embocadura e emisión do son.
- Interpretar axeitadamente, con calidade sonora e afinación, o 50% dos aspectos técnicos (escalas, arpejos, etc.) e dos estudos programados no curso.
- Interpretar dúas pezas de distintas épocas e estilos acordes ao nivel do curso, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

9.3.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

- Empregarase como procedemento a observación directa do alumnado valorando o rendemento do traballo e o comportamento e actitude nas clases, a proba de fin de trimestre e/ou a audición.
- Como ferramentas de avaliación empregárase o caderno do profesorado, onde quedará recollida a información e a valoración do traballo de aula, a actitude e o comportamento, e a folla de calibración que valorará a proba e/ou a audición trimestral, adxunta no apartado 12.4 de Anexos da presente programación. Poderase utilizar acompañamentos de audio, así como gravacións de audio e vídeo como ferramenta de avaliación complementaria.

9.3.3.4 Criterios de cualificación

Criterios de cualificación de 3º GE. Relación cos criterios de avaliación, obxectivos e contidos.

Os seguintes criterios achegarán o 50% da cualificación a través do traballo diario nas clases:		
Criterio de avaliación	Obxectivo	Contido

a) Mostrar unha correcta respiración mantendo a relaxación e unha posición corporal adecuada para garantir a saúde postural, así como, unha correcta execución instrumental acorde coas exixencias do nivel.	a), b)	a), b)
b) Desenvolver unha correcta embocadura mantendo unha posición e tonicidade muscular adecuada.	c)	b)
c) Mostrar nos estudos e no repertorio a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.	d), e), g)	c), d), g)
h) Ler textos sinxelos a primeira vista.	h)	h)
i) Participar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos	d), e), g)	c), d), f)
Os seguintes criterios achegarán o 10% da cualificación:		
Criterio de avaliación	Obxectivo	Contido
f) Valorar o interese, a actitude e o comportamento nas clases.	a), b), d), e)	a), b), i), j)
Os seguintes criterios achegarán o 40% da cualificación a través dunha proba e/ou dunha audición:		
Criterio de avaliación	Obxectivo	Contido
g) Poñer de manifesto a correcta evolución da calidade do son.	c), e), g)	b), e), f)
h) Memorizar e interpretar fragmentos musicais sinxelos empregando a medida, afinación, articulación e fraseo adecuado ao seu contido	e), f), h)	c), d), f), h)
i) Interpretar obras ou pezas adecuadas ao seu nivel.	i)	j)

Procedemento de Avaliación

Procedemento de Avaliación	Traballo de aula	Actitude e Comportamento	Proba e/ou audición trimestral
Porcentaxe	50%	10 %	40%
Ferramenta de avaliación	Caderno do Profesorado e ou folla de calibración		

9.3.4 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

- Demostrar que ten adquiridos os obxectivos específicos ou capacidades de tódalas materias do curso actual. O profesorado titor será o

encargado de propoñer a ampliación de matrícula solicitando unha reunión do profesorado de todas as materias do curso elevando a proposta o seu departamento.

- Amosar as adecuadas capacidades de aprendizaxe para superar o curso actual e ao que aspira a acceder. O profesorado das distintas materias acordarán, a través dun informe de ampliación de matrícula cunha cualificación numérica, as capacidades de aprendizaxe e a adquisición dos obxectivos específicos dentro dos prazos marcados polo Centro para dito proceso.
- Obter unha cualificación positiva de todas as materias do curso actual. O informe para ampliación de matrícula será presentado polo xefe de departamento a dirección do Centro previamente o consello escolar.

9.3.5 Medidas de recuperación

As medidas de recuperación consistirán na proba ordinaria e na proba extraordinaria. A proba ordinaria está dirixida ao alumnado que non acadou os obxectivos do curso, ben por non obter cualificacións trimestrais positivas; porque o profesorado non pode levar a cabo os procedementos de avaliación debido as faltas de asistencia, ou por outra razón. A proba extraordinaria está dirixida ao alumnado que non obteña cualificación positiva na avaliación ordinaria de fin de curso. Para a realización destas probas o profesorado poderá solicitar a presenza e valoración doutro profesor/a do departamento.

9.3.5.1 Procedementos de recuperación ordinarios

- A proba ordinaria realizarase con anterioridade a avaliación ordinaria de final de curso. O alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso en cuestión, sendo o profesorado o encargado de designar contidos, estudos, pezas e obras a interpretar. Terá unha duración entre 15 e 30 minutos de música para o alumnado de Grao Elemental e entre 30 e 45 minutos de música para o de Grao Profesional.

9.3.5.2 Probas extraordinarias

- alumnado que non obteña unha cualificación positiva na avaliación ordinaria será convocado a unha proba extraordinaria. Nesta proba o alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso, sendo o profesorado o encargado de designar contidos, estudos e pezas a interpretar. Terá unha duración entre 15 e 30 minutos de música para o alumnado de Grao Elemental e entre 30 e 45 minutos de música para o de Grao Profesional.

9.3.6 Recursos didácticos

Trombón 3º de Grao Elemental

- Supplementary Studies R. M. Endresen
- Étude Variés Vol. 3 J. Naulais
- Método de Flexibilidad de Slokar M. Reift.
- Escuchar, leer y tocar Vol.2 Ed. Dehaske
- Método de escalas vol.1 Slokar. Marc Reift editions

*Os recursos aquí presentados poderán ser complementados ou substituídos por outros que se consideren máis adecuados ás características específicas do alumno/a, podendo facer así, unha adaptación dos mesmos máis axeitada ás súas necesidades individuais.

*Recórdase a necesidade de empregar material orixinal de métodos, estudos e obras.

Temporalización dos Contidos

Primeira avaliación:

- Método Flexibilidad Pág. 12-14 B. SLOKAR
- Método de escalas vol.1 La, Mib B. Slokar.
- Supplementary studies (1 a 6) R. M. Endresen
- Étude Variés Vol. 3 (1-4) J. Naulais
- Escuchar, leer y tocar Vol.2 (1 a 3) Ed. Dehaske.
- Estudo e interpretación dunha obra a escoller entre as do curso.

Segunda avaliación:

- Método Flexibilidad Pág. 12 a 15 B. Slokar.
- Método de escalas vol.1 Mi, Reb. B. Slokar
- Supplementary studies (7- 15) R. M. Endresen
- Étude Variés Vol. 3 (5-8) J. Naulais
- Escuchar, leer y tocar Vol.2/ (4 a 7) Ed. Dehaske
- Estudo e interpretación dunha obra a escoller entre as do curso.

Terceira avaliación:

- Método Flexibilidad.... Pág. 1 a 15 B.SLOKAR
- Método de escalas vol.1 Solb y Si B. Slokar..
- Supplementary studies(16- 21) R. M. Endresen
- Étude Variés Vol. 3 (9-12) J. Naulais
- Escuchar, leer y tocar Vol.2/ (8 a 10) Ed. Dehaske

- Estudo e interpretación dunha obra a escoller entre as do curso.

Obras:

Deux ans Dejà	J.Naulais
Introduction et Allegro Marcial	W. van Dorsselaer
Air Noble	J. Robert
Easy trombone solos Vol.2	M.M.O editions
Capriche medieval,	J. Barat
A Longchamp	W. Van Dorsselaer
Trombontest Cycle I – 2 ^o année	C. Pichaureau
Avenue Washington	J. Sichler
Le GrandDuc	W. van Dorsselaer
Cantilena	J.F. Handel

Obras Trombón Baixo:

Introduction et Burlesque	R. Eaves
Légende	J. P. Beugnot
L'enterrement de Saint-Jean	R. Bariller
Campagnarde	A. Lodéon

Podíanse utilizar tamén para este nivel as obras programadas para trombón tenor.

9.4 Curso: 4º de grao elemental

9.4.1 Obxectivos

- a) Consolidar unha correcta posición corporal, así como unha óptima colocación do instrumento que permita un uso adecuado da respiración.
- b) Controlar o aire mediante a respiración diafragmática, a relaxación e os músculos que forman a embocadura, de maneira que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- c) Coñecer e usar adecuadamente os reflexos necesarios para corrixir a afinación e manter a calidade e igualdade do son en todos os rexistros.
- d) Coñecer as características e posibilidades técnicas e sonoras do trombón dentro deste nivel, e saber utilizalas, tanto individualmente como en conxunto.
- e) Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento da calidade do son.
- f) Desenvolver a memoria musical e a lectura a vista.
- g) Interpretar un repertorio de obras de diversos estilos adecuado o nivel.

9.4.2 Contidos

- a) A relación entre postura, respiración e relaxación na práctica do instrumento. Desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- b) Fortalecemento da embocadura e control da relaxación na emisión do son coa boquilla e o trombón. Estudo da boquilla.
- c) Desenvolvemento da sensibilidade auditiva que permita percibir e obter un son de calidade e unha correcta afinación.
- d) Estudo da emisión, as articulacións e as dinámicas.
- e) Desenvolvemento da flexibilidade coa práctica de intervalos ligados e picados, incluíndo o traballo de posicións fixas.
- f) Aprendizaxe de escalas maiores, menores e arpejos en todas as tonalidades, dentro dos niveis de dificultade (velocidade e tesitura) adecuados para o control da afinación e o son.
- g) Iniciación á comprensión das estruturas musicais (temas, frases, seccións, etc.) cara a unha interpretación máis consciente do repertorio adecuado a este nivel.
- h) Adestramento progresivo da memoria e a lectura a vista.
- i) Adquisición de hábitos de estudo adecuados.
- j) Práctica de conxunto.
- k) Estudo dos recursos establecidos para o desenvolvemento conxunto e progresivo das capacidades técnicas e musicais do alumnado.

9.4.3 Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexerase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de cualificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sen limitarse unicamente á cualificación trimestral ou final.

9.4.3.1 Criterios de avaliación

- Mostrar unha correcta respiración mantendo a relaxación e unha posición corporal adecuada para garantir a saúde postural, así como, unha correcta execución instrumental acorde coas exixencias do nivel. Mediante este criterio preténdese avaliar o dominio da respiración e a postura evitando tensións innecesarias.
- Desenvolver unha correcta embocadura mantendo unha posición e tonicidade muscular adecuada. Este criterio pretende valorar a capacidade do alumnado para manter unha correcta embocadura facendo un uso adecuado dos músculos faciais que interveñen na formación da mesma.
- Mostrar nos estudos e no repertorio a capacidade de aprendizaxe progresiva individual. Este criterio pretende verificar que o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita progresar adecuadamente.
- Valorar o interese, a actitude e o comportamento nas clases. Este criterio pretende comprobar a concentración e a atención do alumnado nas explicacións do profesorado e nas actividades do centro.
- Poñer de manifesto a correcta evolución da calidade do son. Mediante este criterio valorárase en que medida o alumnado mostra o coñecemento do funcionamento do instrumento e utiliza adecuadamente a sensibilidade auditiva na interpretación do repertorio adecuado ao seu nivel.
- Memorizar e interpretar fragmentos musicais empregando a medida, afinación, articulación e fraseo adecuado ao seu contido. Este criterio pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos

coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical.

- Interpretar obras ou pezas adecuadas ao seu nivel. Este criterio pretende comprobar a capacidade do alumnado para empregar o “tempo”, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.
- Ler textos sinxelos a primeira vista. Este criterio pretende constatar a capacidade do alumnado para desenvolverse con certo grado de autonomía na lectura dun texto.
- Participar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos. Este criterio de avaliación presta atención á capacidade do alumnado para adaptar a súa afinación, precisión rítmica, dinámica, etc., á dos seus compañeiros ou compañeiras nun traballo común.
- Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas. Con este criterio, preténdese avaliar a capacidade para percibir e relacionar cos coñecementos adquiridos os aspectos esenciais de obras que o alumnado poida entender segundo o seu nivel de desenvolvemento cognitivo e afectivo, aínda que non as interprete por seren novas para el ou por resultaren aínda inabordables pola súa dificultade técnica.

9.4.3.2 Mínimos esixibles

- Demostrar unha posición corporal correcta co instrumento.
- Demostrar unha correcta técnica respiratoria, embocadura e emisión do son.
- Interpretar axeitadamente, con calidade sonora e afinación, o 50% dos aspectos técnicos (escalas, arpejos, etc.) e dos estudos programados no curso.
- Interpretar dúas pezas de distintas épocas e estilos acordes ao nivel do curso, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

9.4.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

- Empregarase como procedemento a observación directa do alumnado valorando o rendemento do traballo e o comportamento e actitude nas clases, a proba de fin de trimestre e/ou a audición.
- Como ferramentas de avaliación empregarase o caderno do profesorado, onde quedará recollida a información e a valoración do traballo de aula, a actitude e o comportamento, e a folla de calibración que valorará a proba e/ou a audición trimestral, adxunta no apartado 12.4 de Anexos da presente programación. Poderase utilizar acompañamentos de audio, así como gravacións de audio e vídeo como ferramenta de avaliación complementaria.

9.4.3.4 Criterios de cualificación

Criterios de cualificación de 4º GE. Relación cos criterios de avaliación, obxectivos e contidos.

Os seguintes criterios achegarán o 50% da cualificación a través do traballo diario nas clases:		
Criterio de avaliación	Obxectivo	Contido
a) Mostrar unha correcta respiración mantendo a relaxación e unha posición corporal adecuada para garantir a saúde postural, así como, unha correcta execución instrumental acorde coas exixencias do nivel.	a), b)	a), b)
b) Desenvolver unha correcta embocadura mantendo unha posición e tonicidade muscular adecuada.	b)	b)
c) Mostrar nos estudos e no repertorio a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.	c), d), e)	c), e), f), k)
h) Ler textos sinxelos a primeira vista.	f)	h)
i) Participar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos	c), d)	j)
j) Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas	g)	g), k)
Os seguintes criterios achegarán o 10% da cualificación:		
Criterio de avaliación	Obxectivo	Contido
d) Valorar o interese, a actitude e o comportamento nas clases.	a), c), d), e)	i), j), k), j)
Os seguintes criterios achegarán o 40% da cualificación a través dunha proba e/ou dunha audición:		
Criterio de avaliación	Obxectivo	Contido
e) Poñer de manifesto a correcta evolución da calidade do son.	c), d), e)	b), c), f)
f) Memorizar e interpretar fragmentos musicais sinxelos empregando a medida, afinación, articulación e fraseo adecuado ao seu contido	b), c), f), g)	d), g), h), k)
g) Interpretar obras ou pezas adecuadas ao seu nivel.	g)	j), k)

Procedemento de Avaliación

Procedemento de Avaliación	Traballo de aula	Actitude e Comportamento	Proba e/ou audición trimestral
Porcentaxe	50%	10 %	40%
Ferramenta de avaliación	Caderno do Profesorado e ou folla de calibración		

9.4.4 Medidas de recuperación

As medidas de recuperación consistirán na proba ordinaria e na proba extraordinaria. A proba ordinaria está dirixida ao alumnado que non acadou os obxectivos do curso, ben por non obter cualificacións trimestrais positivas; porque o profesorado non pode levar a cabo os procedementos de avaliación debido as faltas de asistencia, ou por outra razón. A proba extraordinaria está dirixida ao alumnado que non obteña cualificación positiva na avaliación ordinaria de fin de curso. Para a realización destas probas o profesorado poderá solicitar a presenza e valoración doutro profesor/a do departamento.

9.4.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

- A proba ordinaria realizarase con anterioridade a avaliación ordinaria de final de curso. O alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso en cuestión, sendo o profesorado o encargado de designar contidos, estudos, pezas e obras a interpretar. Terá unha duración entre 15 e 30 minutos de música para o alumnado de Grao Elemental e entre 30 e 45 minutos de música para o de Grao Profesional.

9.4.4.2 Probas extraordinarias

- alumnado que non obteña unha cualificación positiva na avaliación ordinaria será convocado a unha proba extraordinaria. Nesta proba o alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso, sendo o profesorado o encargado de designar contidos, estudos e pezas a interpretar. Terá unha duración entre 15 e 30 minutos de música para o alumnado de Grao Elemental e entre 30 e 45 minutos de música para o de Grao Profesional.

9.4.5 Recursos didácticos

Trombón 4º de Grao Elemental

- | | |
|----------------------------------|---------------------|
| • Quiero tocar tb (técnica) | Cesar M. Martín |
| • Método Flexibilidad de SLOKAR | M.Reift editions |
| • Método de escalas vol.1 Slokar | Marc Reift editions |
| • Método completo para trombón | Arbans (Alessi) |
| • Etude Varie vol. 3 | J. Naulais |

- Etude Varie vol. 7 J. Naulais
- Supplementary studies for trombone R. M. Endresen
- Escuchar, leer y tocar Vol.2 Ed. Dehaske

*Os recursos aquí presentados poderán ser complementados ou substituídos por outros que se consideren máis adecuados ás características específicas do alumno/a, podendo facer así, unha adaptación dos mesmos máis axeitada ás súas necesidades individuais.

*Recórdase a necesidade de empregar material orixinal de métodos, estudos e obras.

Temporalización dos Contidos

Primeira avaliación

- Método Flexibilidad 35 a 38 B. Slokar.
- Quiero tocar tb (técnica) (5-6) Cesar M. Martín
- Método de escalas vol.1 Corcheas Do, Sol y Re B. Slokar.
- Supplementary studies (21-25) R. M. Endresen
- Etude Varie vol. 3 (10-14) J. Naulais
- Escuchar, leer y tocar Vol.2(11 a 13) Ed. Dehaske
- Etude Varie vol. 7 (1-4) J. Naulais
- Método completo Exercicios 11-15 Arbans (Alessi)
- Estudo e interpretación dunha obra a escoller entre as do curso.

Segunda avaliación:

- Quiero tocar tb (técnica) (7-8) Cesar M. Martín
- Método Flexibilidad 39 a 43 B. Slokar
- Método de escalas vol.1 Corcheas. La, Fa, Sib. B. Slokar.
- Supplementary studies (26-33) R. M. Endresen
- Etude Varie vol. 3 (15-20) J. Naulais
- Escuchar, leer y tocar Vol.2(14 a 16) Ed. Dehaske
- Etude Varie vol. 7 (5-8) J. Naulais
- Método completo Acordes 46 pag.26 Arbans (Alessi).
- Estudo e interpretación dunha obra a escoller entre as do curso.

Terceira avaliación:

- Quiero tocar tb (técnica) (9-10) Cesar M. Martín
- Método Flexibilidad. 45 a 47 B. Slokar

- Método de escalas vol.1 Corcheas Lab, Si y Mib B. Slokar.
- Supplementary studies (34-46) R. M. Endresen
- Etude Varie vol. 3 (21-25) J. Naulais
- Escuchar, leer y tocar Vol.2 (18 a 20) Ed. Dehaske
- •Etude Varie vol. 7 (8-10) J. Naulais
- Estudio e interpretación dunha obra a escoller entre as do curso.

Obras:

- Aria et Minuetto J. Naulais
- Introduction et allegro martial W. Dorsselaer.
- Cantilena G. F. Handel
- Trombonaria J. Brouquières
- Fantasia J. F. Michel
- Thème de Concours R. Clérisse
- Trombontest Cycle I – 3^o année C. Pichaureau
- Austin Park March A. Frackenpohl
- Easy trombone solos Vol.2 M.M.O editions
- Second book trombone solos Peter Codain & Leslie Person.
- Capriche medieval, J. Barat
- 12 pieces recreatives G. Martin
- Le GrandDuc W. van Dorsselaer
- Introduction et Allegro Marcial W. van Dorsselaer

Obras de nivel semellante ás anteriores.

Obras Trombón Baixo:

- Dramatique E. S. Solomon
- Pièce Lyrique R. Clérisse
- Passacaglia and Fugue Otto Henry

Obras de nivel semellante ás anteriores.

9.5 Curso: 1º de grao profesional

9.5.1 Obxectivos

- a) Empregar de forma correcta a respiración e a proxección da columna de aire, mantendo o control da relaxación.
- b) Mellorar permanentemente o dominio da técnica, de forma que permita o control da calidade e igualdade sonora en todo o rexistro do trombón.
- c) Manter un control permanente da afinación, adquirindo progresivamente a autonomía necesaria para corríxila adecuadamente.
- d) Adquirir un maior dominio das diversas articulacións e da flexibilidade en todo o rexistro do trombón.
- e) Perfeccionar o traballo sobre todas as tonalidades engadindo progresivamente maior grao de dificultade (velocidade, articulación, etc.).
- f) Aprender a utilizar a técnica e os coñecementos adquiridos para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: articulación, fraseo, dinámica e agógica.
- g) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria e a lectura a vista.
- h) Interpretar un repertorio de obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade adecuada a este nivel.
- i) Practicar a música de conxunto en formacións de diversa configuración, desempeñando papeis diferentes en obras dunha dificultade acorde co nivel.

9.5.2 Contidos

- a) Control da respiración, a columna de aire e a relaxación.
- b) Ampliación progresiva dos rexistros agudo e grave. O transpositor.
- c) Perfeccionamento do son. Controlar a igualdade sonora e tímbrica nos diferentes rexistros.
- d) Control da afinación, con especial atención no rexistro agudo.
- e) Profundar no traballo das articulacións: estudo dos diferentes signos e as súas variantes.
- f) Estudo da flexibilidade, e das escalas maiores, menores e arpejos en todas as tonalidades, engadindo gradualmente maiores dificultades en canto a velocidade, dinámicas, articulacións, etc.
- g) Estudo de literatura solista do trombón adecuada a este nivel.
- h) Traballo progresivo dos elementos que interveñen no fraseo musical: liña, cor e expresión.
- i) Adestramento permanente e progresivo da memoria e da lectura á vista.

- j) Práctica de conxunto en formacións de diversos tipos.
- k) Manter hábitos de estudo correctos e adecuados a este nivel.

9.5.3 Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexerase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de cualificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sen limitarse unicamente á cualificación trimestral ou final.

9.5.3.1 Criterios de avaliación

- Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás exigencias da execución instrumental. Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental e o grao de relaxación necesaria para evitar tensións que conduzan a unha perda de control na execución.
- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.
- Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo e o dominio na execución de estudos e obras de repertorio sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Con este criterio preténdese avaliar a autonomía e competencia do estudo individualizado e a resolución dos problemas que se lle susciten no estudo e a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos.
- Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento. Este criterio avalía a competencia progresiva que adquire o alumnado na lectura á primeira vista así como a súa desenvolvemento para abordar a improvisación no instrumento aplicando os coñecementos adquiridos.
- Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos. Con este criterio quérese com-

probar o desenvolvemento que o alumnado alcanzou en canto aos hábitos de estudo e á capacidade de autocrítica, así como a actitude, o comportamento e a participación nas actividades programadas.

- Interpretar de memoria unha obra de repertorio durante o curso como solista de acordo cos criterios do estilo correspondente. Mediante este criterio valórase o dominio e a comprensión que o alumnado posúe das obras, así como a capacidade de concentración sobre o resultado sonoro delas.
- Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel cunha correcta interpretación. Mediante este criterio preténdese avaliar a interpretación pública dunha obra.
- Mostrar interese na procura e selección de información sobre a técnica, a historia e o repertorio do instrumento. Mediante este criterio valorarase en que medida o alumnado incorpora no seu proceso de aprendizaxe os resultados na procura de documentación contrastándoo cos seus propios coñecementos técnicos e musicais.

9.5.3.2 Mínimos esixibles

- Demostrar unha posición corporal correcta co instrumento.
- Demostrar unha correcta técnica respiratoria, embocadura e emisión do son.
- Interpretar axeitadamente, con calidade sonora e afinación, o 50% dos aspectos técnicos (escalas, arpejos, etc.) e dos estudos programados no curso.
- Interpretar dúas pezas de distintas épocas e estilos acordes ao nivel do curso, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

9.5.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

- Empregarase como procedemento a observación directa do alumnado valorando o rendemento do traballo e o comportamento e actitude nas clases, a proba de fin de trimestre e/ou a audición.
- Como ferramentas de avaliación empregárase o caderno do profesorado, onde quedará recollida a información e a valoración do traballo de aula, a actitude e o comportamento, e a folla de calibración que valorará a proba e/ou a audición trimestral, adxunta no apartado 12.4 de Anexos da presente programación. Poderase utilizar acompañamentos de audio, así como gravacións de audio e vídeo como ferramenta de avaliación complementaria.

9.5.3.4 Criterios de cualificación

Criterios de cualificación de 1º GP. Relación cos criterios de avaliación, obxectivos e contidos.

Os seguintes criterios achegarán o 50% da cualificación a través do traballo diario nas clases:

Criterio de avaliación	Obxectivo	Contido
a) Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás exixencias da execución instrumental	a)	a)
b) Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.	b), c), i)	c), d), j)
c) Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo e o dominio na execución de estudos e obras de repertorio sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.	d), e), f)	b), e), f) g), h)
d) Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento	g), i)	i), j)
h) Mostrar interese na procura e selección de información sobre a técnica, a historia e o repertorio do instrumento.	f), h), i)	g), h)

Os seguintes criterios achegarán o 10% da cualificación:

Criterio de avaliación	Obxectivo	Contido
e) Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.	c), f), h)	k)

Os seguintes criterios achegarán o 40% da cualificación a través dunha proba e/ou dunha audición:

Criterio de avaliación	Obxectivo	Contido
c) Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo e o dominio na execución de estudos e obras de repertorio sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.	f), h)	c), d), e), g), h)
f) Interpretar de memoria unha obra de repertorio durante o curso como solista de acordo cos criterios do estilo correspondente.	g), h)	g), h), i)
g) Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel cunha correcta interpretación.	f), h)	g), h)

Procedemento de Avaliación

- Amosar as adecuadas capacidades de aprendizaxe para superar o curso actual e ao que aspira a acceder. O profesorado das distintas materias acordarán, a través dun informe de ampliación de matrícula cunha cualificación numérica, as capacidades de aprendizaxe e a adquisición dos obxectivos específicos dentro dos prazos marcados polo Centro para dito proceso.
- Obter unha cualificación positiva de todas as materias do curso actual. O informe para ampliación de matrícula será presentado polo xefe de departamento a dirección do Centro previamente o consello escolar.

9.8.5 Medidas de recuperación

As medidas de recuperación consistirán na proba ordinaria e na proba extraordinaria. A proba ordinaria está dirixida ao alumnado que non acadou os obxectivos do curso, ben por non obter cualificacións trimestrais positivas; porque o profesorado non pode levar a cabo os procedementos de avaliación debido as faltas de asistencia, ou por outra razón. A proba extraordinaria está dirixida ao alumnado que non obteña cualificación positiva na avaliación ordinaria de fin de cur-

so. Para a realización destas probas o profesorado poderá solicitar a presenza e valoración doutro profesor/a do departamento.

9.8.5.1 Procedementos de recuperación ordinarios

- A proba ordinaria realizarase con anterioridade a avaliación ordinaria de final de curso. O alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso en cuestión, sendo o profesorado o encargado de designar contidos, estudos, pezas e obras a interpretar. Terá unha duración entre 15 e 30 minutos de música para o alumnado de Grao Elemental e entre 30 e 45 minutos de música para o de Grao Profesional.

9.8.5.2 Probas extraordinarias

- alumnado que non obteña unha cualificación positiva na avaliación ordinaria será convocado a unha proba extraordinaria. Nesta proba o alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso, sendo o profesorado o encargado de designar contidos, estudos e pezas a interpretar. Terá unha duración entre 15 e 30 minutos de música para o alumnado de Grao Elemental e entre 30 e 45 minutos de música para o de Grao Profesional.

9.8.6 Recursos didácticos

Trombón 4º de Grao Profesional

- | | |
|---------------------------------------|----------------|
| • Melodious Etudes | M. Bordogni |
| • Lip Slur | BRAD EDWARDS |
| • Flexibility | C. Colin |
| • Método de escalas Vol 2 | B. Slokar |
| • 30 estudos en forma de recreación | G. Picherau |
| • 31 estudos brillantes | M.BLEGUER |
| • Etudes varies 8 | J. Naulais |
| • Probespiel test pieces for trombone | Edition Peters |

*Os recursos aquí presentados poderán ser complementados ou substituídos por outros que se consideren máis adecuados ás características específicas do alumno/a, podendo facer así, unha adaptación dos mesmos máis axeitada ás súas necesidades individuais.

Temporalización dos contidos

Primeira avaliación:

- Lip Slurs(8-10 lento/ 3-4rápido/ melódico 2) B. EDWARDS
- Flexibility1-5 C. Colin

- Escalas Volumen 2 Escala de Sib, Si, La B. Slokar
- 30 recreaciones(1-4) G. Picherau
- Melodious Etudes(10-13) M. Bordogni
- 31 Estudios brillantes(10 a 12) M. BLEGER
- Etudes varies 8 (1-4) J. Naulais
- Estudio dos extractos orquestais: Marcha húngara de H. Berlioz e Tannhauser Wagner
- Estudio e interpretación dunha obra a escoller entre as do curso.

Segunda avaliación:

- Lip Slurs(11-12 lento/5-6 rápido/ melódico 3) B. EDWARDS
- Flexibility 6-9 C. Colin
- Escalas Volumen 2 Escala de Do, Solb, Re. B. Slokar
- 30 recreaciones (5-9) G. Picherau
- 31 Estudios brillantes(13-15) M. BLEGER
- Melodious Etudes(14-16) M. Bordogni
- Etudes varies 8 (5-9) J. Naulais
- Estudio dos extractos orquestais: 3º Mahler y Lohengrin de R. Wagner
- Estudio e interpretación dunha obra a escoller entre as do curso.

Terceira avaliación:

- Lip Slurs(13-15 lento/7 rápido/ melódico 4) B. EDWARDS
- Flexibility 10-14 C. Colin
- Escalas Volumen 2 Escala de Fa, Mib, Lab B. Slokar
- 30 recreaciones (10-14) G. Picherau
- 31 Estudios brillantes (16-20) M. BLEGER
- Melodious Etudes(17-19) M. Bordogni
- Etudes varies 8 (10-13) J. Naulais
- Estudio dos extractos orquestais: Pulcinella de I. Stravinsky, Scherezade de R. Korsakov, La pascua Rusa de R. Korsakov
- Estudio e interpretación dunha obra a escoller entre as do curso.

Obras:

Andante e Allegro

J. Barat



Concert piece	A. Ostrander
Sibylle	M. Mereaux
Traumerei	R. Schumann
Romance	W.G. Still
Longing for home	J. Hartmann
Romance	D.Uber
Pleint vent	J. Naulais
Sonata nº 5	J. E. Galliard
Hasse Suite	J. Hasse
Chevauchee	G. Senon
Concertpiece	H. Busser
Sonata nº 6	J. E. Galliard
Sonatina	B. Hummel
Sonata D-Dur	A. Caldara
Romance	A. Jorgensen
Sonatas (1 a 6)	B. Marcello.
Cavatine	SAINT-SAENS C.
Romance	C. M. WEBER
Fantasia	S. STOJOWSKI
Morceau Simphonique	A.GUILMANT
Concerto	N. Rimsky-Korsakof
Obras de nivel semellante ás anteriores.	

Obras Trombón Baixo:

Air et Final	R. Planel
Concertino Basso	R. Lieb
Fantasia	Sy Brandon
Obras de nivel semellante ás anteriores.	

9.9 Curso: 5º de grao profesional

9.9.1 Obxectivos

- a) Dominar o conxunto da técnica e as posibilidades sonoras e expresivas en todo o rexistro do trombón.
- b) Manter un control permanente da afinación, adquirindo progresivamente a autonomía necesaria para a súa corrección e perfeccionamento..
- c) Adquirir un maior dominio das diversas articulacións e da flexibilidade en todo o rexistro do trombón.
- d) Perfeccionar o traballo sobre todas as tonalidades e modos, engadindo progresivamente maior grao de dificultade (velocidade, articulación, etc.)
- e) Aprender a utilizar a técnica e os coñecementos adquiridos para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: articulación, fraseo, dinámica e agógica.
- f) Desenvolver adecuadamente o dominio da memoria e a lectura a primeira vista, e aplicar progresivamente con maior autonomía os coñecementos necesarios para a improvisación.
- g) Interpretar un repertorio de obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade adecuada a este nivel.
- h) Practicar a música de conxunto en formacións camerísticas de diversa configuración, e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras dunha dificultade acorde co nivel, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos distintos cometidos.
- i) Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

9.9.2 Contidos

- a) Control da respiración, a columna de aire e a relaxación..
- b) Perfeccionamento da afinación e dos rexistros agudo e grave, e dominio da igualdade sonora e tímbrica en todos os rexistros.
- c) Profundar en todo o referente á articulación. O dobre e triplo picado.
- d) Desenvolvemento da velocidade en toda a extensión do instrumento.
- e) Estudo da flexibilidade, e das escalas maiores, menores e arpexos en todas as tonalidades, engadindo gradualmente maiores dificultades en canto a velocidade, dinámicas, articulacións, etc.
- f) Estudo dos ornamentos (apoiaturas, mordentes, grupetos, trilo, etc.).
- g) Estudo de literatura solista do trombón adecuada a este nivel.
- h) Traballo de todos os elementos que interveñen no fraseo musical: liña, cor e expresión, adecuándoos aos diferentes estilos.

- i) Adestramento permanente e progresivo da memoria e da lectura á vista.
- j) Manter hábitos de estudo correctos e adecuados a este nivel.
- k) Estudo sobre instrumentos afíns (trombón alto ou baixo).
- l) Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

9.9.3 Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexerese por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de cualificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sen limitarse unicamente á cualificación trimestral ou final.

9.9.3.1 Criterios de avaliación

- a. Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás exigencias da execución instrumental. Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental e o grao de relaxación necesaria para evitar tensións que conduzan a unha perda de control na execución.
- b. Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.
- c. Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Este criterio avalía a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación adecuada.
- d. Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento. Este criterio avalía a competencia progresiva que adquire o alumnado na lectura á primeira vista así como a súa desenvolvemento para abordar a improvisación no instrumento aplicando os coñecementos adquiridos.

- e. Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos. Con este criterio quérese comprobar o desenvolvemento que o alumnado alcanzou en canto aos hábitos de estudo e á capacidade de autocrítica, así como a actitude, o comportamento e a participación nas actividades programadas.
- f. Interpretar de memoria unha obra de repertorio durante o curso como solista de acordo cos criterios do estilo correspondente. Mediante este criterio valórase o dominio e a comprensión que o alumnado posúe das obras, así como a capacidade de concentración sobre o resultado sonoro delas.
- g. Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando unha correcta calidade artística. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de autocontrol e grao de madureza da súa personalidade artística.
- h. Mostrar interese na procura e selección de información sobre a técnica, a historia e o repertorio do instrumento. Mediante este criterio valorarase en que medida o alumnado incorpora no seu proceso de aprendizaxe os resultados na procura de documentación contrastándolos cos seus propios coñecementos técnicos e musicais.
- i. Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo. Trátase de avaliar o coñecemento que o alumnado posúe do repertorio do seu instrumento e das súas obras máis representativas, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.
- j. Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical. Este criterio avalía o concepto persoal estilístico e a liberdade de interpretación dentro do respecto ao texto.

9.9.3.2 Mínimos esixibles

- Demostrar unha posición corporal correcta co instrumento.
- Demostrar unha correcta técnica respiratoria, embocadura e emisión do son.
- Interpretar axeitadamente, con calidade sonora e afinación, o 50% dos aspectos técnicos (escalas, arpejos, etc.) e dos estudos programados no curso.
- Interpretar dúas pezas de distintas épocas e estilos acordes ao nivel do curso, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

9.9.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

- Empregarase como procedemento a observación directa do alumnado valorando o rendemento do traballo e o comportamento e actitude nas clases, a proba de fin de trimestre e/ou a audición.

- Como ferramentas de avaliación empregarase o caderno do profesorado, onde quedará recollida a información e a valoración do traballo de aula, a actitude e o comportamento, e a folia de calibración que valorará a proba e/ou a audición trimestral, adxunta no apartado 12.4 de Anexos da presente programación. Poderase utilizar acompañamentos de audio, así como gravacións de audio e vídeo como ferramenta de avaliación complementaria.

9.9.3.4 Criterios de cualificación

Criterios de cualificación de 5º GP. Relación cos criterios de avaliación, obxectivos e contidos.

Os seguintes criterios achegarán o 50% da cualificación a través do traballo diario nas clases:		
Criterio de avaliación	Obxectivo	Contido
a) Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás exixencias da execución instrumental	a)	a)
b) Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.	a), b)	b), e), k)
c) Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.	c),d),e)	c), d) e), f), g), h)
d) Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento	f), h)	e), h), i)
h) Mostrar interese na procura e selección de información sobre a técnica, a historia e o repertorio do instrumento.	e), g), h), i)	f), g), h), k), l)
Os seguintes criterios achegarán o 10% da cualificación:		
Criterio de avaliación	Obxectivo	Contido
e) Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.	a), b), e), g)	j)
Os seguintes criterios achegarán o 40% da cualificación a través dunha proba e/ou dunha audición:		
Criterio de avaliación	Obxectivo	Contido
c) Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.	a), e), g)	e), f), g), h)
f) Interpretar de memoria unha obra de repertorio durante o curso como solista de acordo cos criterios do estilo co-	f), g) i)	g), h), i)



rrespondente.		
g) Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel cunha correcta interpretación.	g), i)	g), h)
i) Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo.	g), h), i)	g), h), l)
j) Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.	e), g), h), i)	g), h), l)

Procedemento de Avaliación

Procedemento de Avaliación	Traballo de aula	Actitude e Comportamento	Proba e/ou audición trimestral
Porcentaxe	50%	10 %	40%
Ferramenta de avaliación	Caderno do Profesorado e ou folla de calibración		

9.9.4 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

- Demostrar que ten adquiridos os obxectivos específicos ou capacidades de tódalas materias do curso actual. O profesorado titor será o encargado de propoñer a ampliación de matrícula solicitando unha reunión do profesorado de todas as materias do curso elevando a proposta o seu departamento.
- Amosar as adecuadas capacidades de aprendizaxe para superar o curso actual e ao que aspira a acceder. O profesorado das distintas materias acordarán, a través dun informe de ampliación de matrícula cunha cualificación numérica, as capacidades de aprendizaxe e a adquisición dos obxectivos específicos dentro dos prazos marcados polo Centro para dito proceso.
- Obter unha cualificación positiva de todas as materias do curso actual. O informe para ampliación de matrícula será presentado polo xefe de departamento a dirección do Centro previamente o consello escolar.

9.9.5 Medidas de recuperación

As medidas de recuperación consistirán na proba ordinaria e na proba extraordinaria. A proba ordinaria está dirixida ao alumnado que non acadou os obxectivos do curso, ben por non obter cualificacións trimestrais positivas; porque o profesorado non pode levar a cabo os procedementos de avaliación debido as faltas de asistencia, ou por outra razón. A proba extraordinaria está dirixida ao alumnado que non obteña cualificación positiva na avaliación ordinaria de fin de cur-

so. Para a realización destas probas o profesorado poderá solicitar a presenza e valoración doutro profesor/a do departamento.

9.9.5.1 Procedementos de recuperación ordinarios

- A proba ordinaria realizarase con anterioridade a avaliación ordinaria de final de curso. O alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso en cuestión, sendo o profesorado o encargado de designar contidos, estudos, pezas e obras a interpretar. Terá unha duración entre 15 e 30 minutos de música para o alumnado de Grao Elemental e entre 30 e 45 minutos de música para o de Grao Profesional.

9.9.5.2 Probas extraordinarias

- alumnado que non obteña unha cualificación positiva na avaliación ordinaria será convocado a unha proba extraordinaria. Nesta proba o alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso, sendo o profesorado o encargado de designar contidos, estudos e pezas a interpretar. Terá unha duración entre 15 e 30 minutos de música para o alumnado de Grao Elemental e entre 30 e 45 minutos de música para o de Grao Profesional.

9.9.6 Recursos didácticos

Trombón 5º curso de Grao Profesional

- Melodious Etudes M. BORDOGNI .
- Lip Slurs BRAD EDWARS
- Flexibility C. Colin
- Probespiel test pieces for trombone Edition Peters
- Método de escalas Vol 2 B. Slokar
- 10 Caprices M. Bleguer
- 12 Fantasias G. P. Telemann
- Etudes varies 8 J. Naulais
- • Études Variées Vol. 5 J. Naulais

*Os recursos aquí presentados poderán ser complementados ou substituídos por outros que se consideren máis adecuados ás características específicas do alumno/a, podendo facer así, unha adaptación dos mesmos máis axeitada ás súas necesidades individuais.

Temporalización dos contidos

Primeira avaliación:

- Lip Slurs(16-18 lento/8-9 rápido/ melódico 5) B. EDWARS
- Método de escalas Vol 2 Menores B. Slokar

- 12 Fantasía I G.P. Telemán
- Melodious Etudes (20-23) M. BORDOGNI
- Etudes variées Vol 8 (14-15) J. Naulais
- Études Variées Vol. 5 (1-3) J. Naulais
- 10 Caprices (1-3) M. Bleguer
- Estudo dos extractos orquestais: Bolero de Ravel e 3ª sinfonía de Saint-Saens.
- Estudo e interpretación dunha obra a escoller entre as do curso.

Segunda avaliación:

- Lip Slurs(19-20 lento/10-11 rápido/ melódico 6)B. EDWARDS
- Método de escalas Vol 2 B. Slokar
- 12 Fantasía II G.P. Telemán
- Melodious Etudes (24-26) M. BORDOGNI
- Etudes variées Vol 8 (16-18) J. Naulais
- Études Variées Vol. 5 (4-6) J. Naulais
- 10 Caprices (4-7) M. Bleguer
- Estudo dos extractos orquestais: Requiem de Mozart, Walkirias de Wagner.
- Estudo e interpretación dunha obra a escoller entre as do curso.

Terceira avaliación:

- Lip Slurs(21-22 lento/12-13 rápido/melódico 7)B.EDWARDS
- Método de escalas Vol 2 B. Slokar
- 12 Fantasía III G.P. Telemán
- Études Variées Vol. 5 (7-8) J. Naulais
- 10 Caprices (8-10) M. Bleguer
- Melodious Etudes (27-30) M. BORDOGNI
- Estudo dos extractos orquestais: Pinos de Roma de O. Respighi. Metamorfosis de P. Hindemith.
- Estudo e interpretación dunha obra a escoller entre as do curso.

Obras:

Sonatas (en Fa y Re menor)	A. Corelli
Concertino	O. Fleischman
Concertino	F. David
Concertino	E. Sachse

Sonate	P. Hindemith
Morceau concours	Bachelet
Sonatina	E.Andersen
Piece en Mib	J.Barat
La femme a barbe	J. Berghmans
Concerto	F. Grafe
Fantasie	S. Stojowski
Impromptu	E. Bigot
Concerto en la menor	E. Lauga
Tocatta	G.Frescobaldi
Sonata	A. Crosby
Concerto en Fa menor	G.F. Handel
Sonatina	K. Serocki
Sonata	S. Sulek
Sonata nº 1	A. Vivaldi
Morceau Symphonique	A. Guilmant
Hommage a Bach	E. Bozza
Ballade	E. Bozza
Obras trombón solo	
• Carisero Cardo, para servirle	E. Diago
• Entrada	A. Lewi-Richter
• Elegy for Mippy	L. Bernstein
• Are you ready?	J. Escribano
• Los ratones	R. Oteos
Obras Trombón Baixo:	
Concert Study	J. Horovitz
Fantaisie	P. Petit
Koncertantes Allegro	A. Lebedjev
Introduction, Romance et Allegro	P. Lantier

9.10 Curso: 6º de grao profesional

9.10.1 Obxectivos

- a) Dominar o conxunto da técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do trombón.
- b) Utilizar progresivamente con maior autonomía a técnica e os coñecementos musicais necesarios para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: articulación, fraseo, dinámica, agógica, etc.
- c) Interpretar un repertorio de obras representativas das diversas épocas e estilos, dunha dificultade adecuada a este nivel.
- d) Desenvolver adecuadamente o dominio da memoria e a lectura a primeira vista, e aplicar progresivamente con maior autonomía os coñecementos musicais para a improvisación co trombón.
- e) Practicar a música de conxunto en formacións camerísticas de diversa configuración, e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras dunha dificultade acorde co nivel, desenvolvendo así a o sentido da interdependencia dos distintos cometidos.
- f) Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

9.10.2 Contidos

- Control da respiración, a columna de aire e a relaxación.
- Perfeccionamento dos rexistros agudo e grave, e dominio da igualdade sonora, do timbre e da afinación nos diferentes rexistros.
- Profundar en todo o referente á articulación e desenvolver a velocidade en toda a extensión do instrumento.
- Estudo da flexibilidade, e das escalas maiores, menores e arpejos en todas as tonalidades, engadindo gradualmente maiores dificultades en canto a velocidade, dinámicas, articulacións, etc.
- Estudo dos ornamentos (apoiaturas, mordentes, grupetos, trilo, etc.).
- Estudo de literatura solista do trombón adecuada a este nivel.
- Traballo de todos os elementos que interveñen no fraseo musical: liña, cor e expresión, adecuándoos aos diferentes estilos.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria e da lectura á vista.
- Manter hábitos de estudio correctos e adecuados a este nivel.
- Estudo sobre instrumentos afíns (trombón alto ou baixo).
- Iniciación á interpretación da música contemporánea e coñecemento das súas características.
- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito

crítico as características das súas diferentes versións.

9.10.3 Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexerase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de cualificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sen limitarse unicamente á cualificación trimestral ou final.

9.10.3.1 Criterios de avaliación

- Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás exixencias da execución instrumental. Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental e o grao de relaxación necesaria para evitar tensións que conduzan a unha perda de control na execución.
- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.
- Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Este criterio avalía a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación adecuada.
- Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento. Este criterio avalía a competencia progresiva que adquire o alumnado na lectura á primeira vista así como a súa desenvolvemento para abordar a improvisación no instrumento aplicando os coñecementos adquiridos.
- Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos. Con este criterio quérese comprobar o desenvolvemento que o alumnado alcanzou en canto aos hábitos de estudo e á capacidade de autocrítica, así como a actitude, o comportamento e a participación nas actividades programadas.

- Interpretar de memoria unha obra de repertorio durante o curso como solista de acordo cos criterios do estilo correspondente. Mediante este criterio valórase o dominio e a comprensión que o alumnado posúe das obras, así como a capacidade de concentración sobre o resultado sonoro delas.
- Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando unha correcta calidade artística. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de autocontrol e grao de madurez da súa personalidade artística.
- Mostrar interese na procura e selección de información sobre a técnica, a historia e o repertorio do instrumento. Mediante este criterio valorarase en que medida o alumnado incorpora no seu proceso de aprendizaxe os resultados na procura de documentación contrastándoo cos seus propios coñecementos técnicos e musicais.
- Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo. Trátase de avaliar o coñecemento que o alumnado posúe do repertorio do seu instrumento e das súas obras máis representativas, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.
- Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical. Este criterio avalía o concepto persoal estilístico e a liberdade de interpretación dentro do respecto ao texto.

9.10.3.2 Mínimos esixibles

- Demostrar unha posición corporal correcta co instrumento.
- Demostrar unha correcta técnica respiratoria, embocadura e emisión do son.
- Interpretar axeitadamente, con calidade sonora e afinación, o 50% dos aspectos técnicos (escalas, arpejos, etc.) e dos estudos programados no curso.
- Interpretar un recital de obras ou pezas de distintas épocas e estilos acordes ao nivel do curso, demostrando capacidade comunicativa e calidade artística, cunha duración non inferior a 30 minutos, na que deberán estar presentes, alomenos, dous membros de Departamento de Vento Metal.

9.10.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

- Empregarase como procedemento a observación directa do alumnado valorando o rendemento do traballo e o comportamento e actitude nas clases, a proba de fin de trimestre e/ou a audición.
- Como ferramentas de avaliación empregárase o caderno do profesorado, onde quedará recollida a información e a valoración do traballo

de aula, a actitude e o comportamento, e a folla de calibración que valorará a proba e/ou a audición trimestral, adxunta no apartado 12.4 de Anexos da presente programación. Poderase utilizar acompañamentos de audio, así como gravacións de audio e vídeo como ferramenta de avaliación complementaria.

9.10.3.4 Criterios de cualificación

Criterios de cualificación de 6º GP. Relación cos criterios de avaliación, obxectivos e contidos.

Os seguintes criterios achegarán o 50% da cualificación a través do traballo diario nas clases:		
Criterio de avaliación	Obxectivo	Contido
a) Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás exigencias da execución instrumental	a)	a)
b) Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.	a), b)	b), d), j)
c) Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.	a), b), c),	c), d), e), f), g), k)
d) Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento	d)	d), g), h)
h) Mostrar interese na procura e selección de información sobre a técnica, a historia e o repertorio do instrumento.	b), c), e), f)	e), f), g), j), k), l)
Os seguintes criterios achegarán o 10% da cualificación:		
Criterio de avaliación	Obxectivo	Contido
e) Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.	a), b), c), e)	i)
Os seguintes criterios achegarán o 40% da cualificación a través dunha proba e/ou dunha audición:		
Criterio de avaliación	Obxectivo	Contido
c) Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.	a), b), c)	d), e), f), g), k)
f) Interpretar de memoria unha obra de repertorio durante o curso como solista de acordo cos criterios do estilo correspondente.	c), d), f)	f), g), h)
g) Presentar en público un programa adecuado ao seu	c), f)	f), g), k)

nivel cunha correcta interpretación.		
i) Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo.	c), e), f)	f), g), k), l)
j) Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.	b), c), e), f)	f), g), k), l)

Procedemento de Avaliación 1 y 2 trimestre.

Procedemento de Avaliación	Traballo de aula	Actitude e Comportamento	Proba e/ou audición trimestral
Porcentaxe	50%	10 %	40%
Ferramenta de avaliación	Caderno do Profesorado e ou folla de calibración		

Procedemento de Avaliación 3 trimestre.

A avaliación no 3 trimestre consistirá na media do traballo realizado no curso e a avaliación do recital de fin de curso. O alumnado deberá interpretar alo menos tres obras, a ser posible de diferentes estilos, unha delas de memoria.

Procedemento de Avaliación	Traballo de aula	Recital final
Porcentaxe	60%	40%
Ferramenta de avaliación	Caderno do Profesorado e ou folla de calibración	

9.10.4 Medidas de recuperación

As medidas de recuperación consistirán na proba ordinaria e na proba extraordinaria. A proba ordinaria está dirixida ao alumnado que non acadou os obxectivos do curso, ben por non obter cualificacións trimestrais positivas; porque o profesorado non pode levar a cabo os procedementos de avaliación debido as faltas de asistencia, ou por outra razón. A proba extraordinaria está dirixida ao alumnado que non obteña cualificación positiva na avaliación ordinaria de fin de curso. Para a realización destas probas o profesorado poderá solicitar a presenza e valoración doutro profesor/a do departamento.

9.10.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

- A proba ordinaria realizarase con anterioridade a avaliación ordinaria de final de curso. O alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso en cuestión, sendo o profesorado o encargado de designar contidos, estudos, pezas e obras a interpretar. Terá unha duración entre 15 e 30 minutos de música para o alumnado de Grao Elemental e entre 30 e 45 minutos de música para o de Grao Profesional.

9.10.4.2 Probas extraordinarias

- alumnado que non obteña unha cualificación positiva na avaliación ordinaria será convocado a unha proba extraordinaria. Nesta proba o alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso, sendo o profesorado o encargado de designar contidos, estudos e pezas a interpretar. Terá unha duración entre 15 e 30 minutos de música para o alumnado de Grao Elemental e entre 30 e 45 minutos de música para o de Grao Profesional.

9.10.5 Recursos didácticos

Trombón 6º Curso de Grao Profesional

- | | |
|--------------------------------|----------------|
| • Lip Slurs | Brad Edwards |
| • Flexibility | C. Colin |
| • Método de escalas Vol 2 | B. Slokar |
| • Range Songs | D. Vining |
| • 12 Fantasías | G. P. Telemann |
| • Etudes varies Vol. 8 | J. Naulais |
| • Études Variées Vol. 5 | J. Naulais |
| • Sight-Reading Test | ABRSM |
| • Probespiel test for trombone | Edition Peters |

*Os recursos aquí presentados poderán ser complementados ou substituídos por outros que se consideren máis adecuados ás características específicas do alumno/a, podendo facer así, unha adaptación dos mesmos máis axeitada ás súas necesidades individuais.

Temporalización dos contidos

Primeira avaliación:

- | | |
|--|----------------|
| • Lip Slurs(23-25 lento/12-13 rápido/ melódico 8) | B. Edwards |
| • Flexibility (segunda parte) | C. Colin |
| • Range Songs (Sib-Si-Do) | D. Vining |
| • Études Variées Vol. 5 (9-11) | J. Naulais |
| • 12 Fantasías VII | G. P. Telemann |
| • Sight-Reading Test (4 estudos) | ABRSM |
| • Estudo dos extracto orquestais: 3º Sinfonía de G. Mahler, Pájaro de fuego de I. Stravinsky. Lohengrin de R. Wagner y Metamorfosis de P. Hindemith. | |
| • Estudo e interpretación dunha obra a escoller entre as do curso. | |

Segunda avaliación:



- 12 Fantasías III G. P. Telemann
- Sight-Reading Test (4 estudos) ABRSM
- Estudo e interpretación da obra Concertino de F. David ou dunha obra de dificultade similar.

Terceira avaliación:

- Preparación do programa de recital de fin de curso. O recital constará de polo menos tres obras, estudos ou pezas de diferentes estilos. A duración aproximada do recital será de 30 minutos.

Obras:

Sonatas (en Fa y Re menor)	A. Corelli
Concertino	O. Fleischman
Concertino	F. David
Concertino	E. Sachse
Sonate	P. Hindemith
Morceau concours	Bachelet
Sonatina	E.Andersen
Piece en Mib	J.Barat
La femme a barbe	J. Berghmans
Concerto	F. Grafe
Fantasie	S. Stojowski
Impromptu	E. Bigot
Concerto en la menor	E. Lauga
Tocatta	G.Frescobaldi
Sonata	A. Crosby
Concerto en Fa menor	G.F. Handel
Sonatina	K. Serocki
Sonata	S. Sulek
Sonata nº 1	A. Vivaldi
Morceau Symphonique	A. Guilmant
Hommage a Bach	E. Bozza
Ballade	E. Bozza
Obras de nivel semellante ás anteriores.	

Obras trombón solo

- Carisero Cardo, para servirle E. Diago

- Entrada
- Elegy for Mippy
- Are you ready?
- Los ratones
- Trombone of the seas

Obras Trombón Baixo:

Concerto in one Movement

Sonata in F Major

Allegro Maestoso

Carrillon et Bourdon

Obras de nivel semellante ás anteriores.

A. Lewi-Richter

L. Bernstein

J. Escribano

R. Oteos

J.A. Boluda

A. Lebedev

G. F. Handel

J. Koetsier

E. Bigot

10. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Seguindo as instrucións que se recollen no artigo 2º da orde do 8 de Febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música na Comunidade Autónoma de Galicia, e que indican que “[...]a avaliación terá un carácter formativo e orientador do proceso educativo e proporcionará unha información constante que permita mellorar tanto os procesos coma os resultados da intervención educativa[...]”, este departamento leva a cabo unha tripla avaliación: do proceso de aprendizaxe (que se desenvolveu no apartado correspondente de cada curso), da programación didáctica e da nosa labor docente.

O seguimento e avaliación das programacións será rexistrado por cada docente e tratado nas reunións periódicas do departamento, quedando constancia na acta daquelas desviacións e modificacións acordadas. Estas ideas e propostas de mellora serán incluídas na memoria final do departamento, xa que servirán de base para a elaboración da programación didáctica do vindeiro curso.

Por outra banda, a misión da Comisión de Coordinación Pedagóxica será a de garantir que as programacións didácticas dos distintos departamentos presenten coherencia secuencial entre todas elas, e indicar, se é o caso, as modificacións pertinentes que deberán ser realizadas polos departamentos.

Dende o Departamento de Vento Metal para avaliar a nosa programación didáctica teremos en conta os seguintes aspectos:

- **Obxectivos:** Adecuación ás necesidades específicas do alumnado e do Proxecto Educativo do Centro
- **Contidos:** Validez na súa elección con respecto aos obxectivos formulados e adecuación ao nivel do alumnado
- **Actividades:** Atención á diversidade das capacidades e adecuación aos intereses do alumnado e aos seus ritmos de aprendizaxe
- **Criterios metodolóxicos:** A adecuación e coherencia dos mesmos
- **Os medios e recursos:** Avaliación dos criterios para a elección dos medios e recursos didácticos e a súa adecuación aos obxectivos propostos.
- **A avaliación:** Comprobarase a idoneidade e a adecuación entre criterios de avaliación, técnicas e procedementos, así como entre os criterios de avaliación, contidos e obxectivos
- **alumnado:** A relación co alumnado, ademais do clima de convivencia e traballo.

11. Procedementos para realizar a avaliación interna do Departamento

Do mesmo xeito que se indica no punto anterior, a avaliación do labor docente supón un dos tres elementos a avaliar dentro do noso sistema educativo xunto co proceso de aprendizaxe e a programación didáctica.

Será misión do profesorado realizar a análise dos datos que obteña trala avaliación do alumnado e da programación didáctica para realizar as diferentes adaptacións ou adecuacións das estratexias metodolóxicas co fin de mellorar os resultados acadados.

Para levar a cabo este proceso contarase tamén coa análise das enquisas de satisfacción do alumnado como vía alternativa ás clases para obter datos directos relativos á súa función.

Nas reunións do departamento trataranse todos estes puntos ademais dos que o profesorado considere relevantes, sen descoidar aspectos como os recursos materiais e persoais dos que dispón o propio departamento para ofrecer unha ensinanza de calidade, trasladando á Comisión de Coordinación Pedagóxica todo aquilo que se estime oportuno.

12. ANEXOS

12.1 Probas de acceso 1º de grao profesional

Consultar o documento de información das probas de acceso ao Centro.

12.2 Probas de acceso a outros cursos.

Consultar o documento de información das probas de acceso ao Centro.

12.3 Premios Fin de Grao

Segundo consta na lexislación vixente, os departamentos didácticos establecerán os criterios valorativos para a obtención do premio de fin de grao profesional.

12.3.1 Contidos da proba

- Presentación por parte dos aspirantes dun programa cunha duración comprendida entre os 20 e os 40 minutos, sendo 20 minutos a duración mínima para a proba.
- Inclusión dunha serie de obras que representen, cando menos, tres estilos diferentes, quedando excluídos desta particularidade os instrumentos nos que non sexa posible.
- Interpretación de memoria dunha das obras presentadas.
- Elaboración, por parte do aspirante, e posterior entrega na secretaría do Centro (con rexistro de entrada e mediante soporte informático) das notas ao programa elaboradas por el/a mesmo/a, cando menos con tres días de antelación á celebración da proba, non recolléndose ningunha fóra de prazo sen a debida xustificación, que será atendida a criterio da Dirección do Centro. Estas notas ao programa seguirán Máximo dun folio con 3.750 caracteres en formato "DIN A4".

12.3.2 Criterios de avaliación

- Realizar unha interpretación musical de calidade acorde ás esixencias da proba.
- Presentar un programa coherente en relación aos contidos expostos.
- Interpretar un programa que presente obras de diferentes épocas e/ou estilos cunha dificultade acorde ao nivel.

12.3.3 Criterios de cualificación

Ver anexo 12.4

12.4 Folla de calibración para audicións e/ou probas instrumentais

Indicadores	Porcentaxe	Nota
Hábito postural e control da respiración	20%	
Adecuación á partitura	20%	
Calidade do son e/ou afinación	20%	
Interpretación	25%	
Actitude	15%	